

**BASES DA  
CONVOCATORIA  
PÚBLICA**

**DÉCIMO  
TERCEIRO  
PREMIO  
AUDITORIO  
DE GALICIA**

**PARA  
ARTISTAS  
NOVEIS  
2023**



**Compostela  
Cultura  
Artes visuais**





- 01. OBXECTO DA CONVOCATORIA**
- 02. PARTICIPANTES**
- 03. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**
- 04. MEDIDAS DAS OBRAS**
- 05. INSCRICIÓN**
- 06. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE  
ACHEGAR Á SOLICITUDE**
- 07. PRAZO PARA ENVIAR AS SOLICITUDES**
- 08. ELECCIÓN DAS OBRAS QUE FORMARÁN  
PARTE DA EXPOSICIÓN**
- 09. PRAZO E CONDICIÓN PARA ENTREGAR  
AS OBRAS SELECCIONADAS**
- 10. EXPOSICIÓN**
- 11. DEVOLUCIÓN DAS OBRAS EXPOSTAS**
- 12. XURADO**
- 13. PREMIOS**
- 14. ACEPTACIÓN DAS BASES**
- 15. INFORMACIÓN**

## 01. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Auditorio de Galicia, que ten encomendada a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela, convoca a décimo terceira edición do Premio Auditorio de Galicia para artistas noveis 2023 co obxectivo de fomentar os valores culturais, promocionar e incentivar a creación e apoiar a difusión das súas obras.

O Auditorio de Galicia é consciente da amplitude do mundo da arte, mais, e unicamente pola necesidade de delimitar o perfil do premio, dirixe esta convocatoria ao ámbito autonómico e a artistas cuxa traxectoria non está aínda consolidada, para acreditar o seu talento e contribuír ao enriquecemento e á difusión da creación contemporánea e ao patrimonio cultural galego.

## 02. PARTICIPANTES

Poden participar artistas que nacesen ou residan en Galicia e sexan **menores de 40 anos o 31 de decembro de 2023**. A participación pode ser individual ou como colectivo. Neste último caso todos os membros do colectivo deben cumprir estes requisitos.

## 03. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A. Cada artista ou colectivo pode participar **cunha soa obra**, que pode ser única ou unha serie, realizada en calquera tipo de técnica ou soporte (pintura, escultura, fotografía, vídeo, instalación...).
- B. As obras deben ser **orixinais e inéditas**.
- C. Deben presentar toda a documentación que se require no **punto 6**.

## 04. MEDIDAS DAS OBRAS

- A. As medidas para pintura e fotografía non poden exceder dos 250 x 250 cm se é obra única. Se se trata dun díptico ou dunha serie, as medidas máximas serán de 400 cm incluíndo os espazos entre as pezas.  
Non serán admitidas obras protexidas con cristal. Admitiranse as protexidas con metacrilato ou similar.
- B. As dimensións das esculturas non poden exceder dun cubo imaxinario de 250 cm de lado nin dos 100 kg de peso.
- C. As instalacións non poden exceder dun cubo imaxinario de 400 x 400 cm de base.
- D. No caso de obras de videocreación, enviarase o vídeo orixinal introducindo no proxecto da obra unha ligazón que permita visionalo. O Auditorio resérvase o dereito de exhibir os vídeos en *loop*.

## 05. INSCRIPCIÓN

As solicitudes para participar neste premio presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Auditorio de Galicia, **sede.compostelacultura.gal**. A presentación por este medio producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude se faga dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán en conta as solicitudes presentadas noutros rexistros.

## 06. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE ACHEGAR Á SOLICITUDE

Cada artista ou colectivo participante deberá achegar, xunto coa solicitude e a través da mesma sede electrónica, a seguinte documentación en formato dixital e pola orde indicada:

- I. Copia do documento de identidade.
- II. Acreditación da residencia, só en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fóra de Galicia.
- III. Proxecto de obra que se presenta a concurso (sen incluír as obras orixinais). Documento en pdf editable que non exceda das cinco páxinas e que debe conter os seguintes apartados por esta orde:

### A. FICHA TÉCNICA

- Nome artístico ou pseudónimo co que desexa figurar.
- Título da obra, data, técnica e medidas.

### B. REPRODUCCIÓN DA OBRA

Fotografía(s), bosquejo ou reprodución gráfica da obra. No caso de videocreacións deberá inserirse unha ligazón onde poder visualizar a obra.

### C. TEXTO EXPLICATIVO

Texto explicativo da obra non superior ás 20 liñas e preferentemente en galego (o Auditorio reserva o dereito de reprodución).

### D. CURRÍCULO

Currículo resumido, redactado desde a última experiencia cara a atrás no tempo e que non exceda das 20 liñas (preferentemente en galego).

### E. VALORACIÓN

Valoración económica da obra para os efectos do seguro de estancia.

- IV. Expediente artístico: cómpre achegar un expediente artístico resumido con fotografías doutras obras ou información sobre os traballos, que non exceda das 10 páxinas.

## 07. PRAZO PARA ENVIAR AS SOLICITUDES

Desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña até o **venres 6 de outubro de 2023**.

## 08. ELECCIÓN DAS OBRAS QUE FORMARÁN PARTE DA EXPOSICIÓN

A partir da documentación presentada, o xurado seleccionará as obras que van formar parte da exposición e das publicacións que edite o Auditorio de Galicia, avaliándoas con base nos seguintes criterios:

- A innovación e a contribución á escena actual da arte.
- A calidade artística da obra.
- A claridade na explicación que se achega e a coherencia co discurso conceptual enunciado.
- A viabilidade e adecuación da proposta aos recursos da institución.

## 09. PRAZO E CONDICIÓN S PARA ENTREGAR AS OBRAS SELECCIONADAS

- I. O Auditorio de Galicia porase en contacto coas persoas participantes para acordar coa antelación necesaria o período de recepción das obras seleccionadas, que non serán aceptadas nin antes nin despois da data acordada.
- II. As persoas participantes encargaranse de enviar as obras polo medio de transporte que consideren oportuno ou de entregalas no Auditorio de Galicia. Os gastos de embalaxe e de transporte das obras, ida e volta, correrán pola súa conta.
- III. As obras recibiranse no Auditorio de Galicia, avenida do Burgo das Nacións s/n, Santiago de Compostela, nas datas que se lles indiquen, de luns a venres en horario de 9 a 14.30 h.
- IV. Todas as obras deberán estar embaladas. O Auditorio de Galicia non se responsabilizará do seu deterioro por unha embalaxe ou un transporte inadecuados. Deberán estar protexidas para asegurar a súa manipulación. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado.
- V. O Auditorio de Galicia emitirá unha póliza de seguro para cubrir as obras durante a súa estancia na sala de exposicións mais non se fará responsable dos posibles riscos durante o transporte. En caso de que na desembalaxe se detecte algún deterioro non se considerará responsabilidade do Auditorio.
- VI. O Auditorio de Galicia porá o máximo celo no coidado das obras recibidas.

VII. Cada artista deberá achegar os elementos necesarios para a correcta instalación e exposición da obra. No caso de que algún elemento non sexa proporcionado deberá ofrecer opcións ou adaptarse aos elementos que o Auditorio estea en condicións de facilitar.

VIII. No caso das instalacións, as persoas participantes estarán obrigadas a asistir á montaxe da súa obra, se o Auditorio de Galicia llelo require, nunha data que se acordará entre ambas as partes.

## 10. EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas serán obxecto dunha exposición que se inaugurará en 2023.

## 11. DEVOLUCIÓN DAS OBRAS EXPOSTAS

Finalizado o período expositivo, as obras poderán ser retiradas no mesmo lugar da recepción, nunha data previamente acordada.

O Auditorio de Galicia non se fará responsable da conservación das obras non retiradas.

## 12. XURADO

A composición do xurado será a seguinte:

- A persoa responsable da Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, que forma parte tamén do Consello Reitor Auditorio de Galicia, ou a persoa en que delegue, que presidirá o xurado.
- Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, artista e profesora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- María Marco Covelo, escritora e crítica de arte de El Cultural.
- Germán Labrador Méndez, director de actividades públicas do Museo Reina Sofía.
- Oliva María Rubio, comisaria independente.
- A persoa responsable da Dirección Xerencia do Auditorio de Galicia, ou a persoa en quen delegue, que asumirá a secretaría do xurado e non terá voz nin voto.

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de non incluír ou substituír algún dos membros do xurado en caso de non poidan asistir ás deliberacións.

A resolución final do xurado farase pública no acto inaugural da exposición.

A decisión do xurado será tomada por maioría absoluta e é inapelable.

## 13. PREMIOS

Outorgaranse os seguintes:

- Un primeiro premio de 6.000 euros.
- Un segundo premio de 3.000 euros.
- Un terceiro premio de 2.000 euros.

Os premios quedan sometidos ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), de acordo coa lexislación vixente.

As obrigas económicas que se deriven da concesión dos premios realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33400 48000 Premio Novos Artistas do orzamento xeral do Auditorio de Galicia.

## 14. ACEPTACIÓN DAS BASES

A selección das obras implica autorizar a citación da súa autoría así como a súa reprodución gráfica para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio de Galicia considere oportuno realizar.

E responsabilidade das persoas participantes contar cos dereitos de autoría que sexan necesarios para a a reprodución da obra.

A participación neste certame implica a total aceptación das súas bases e a conformidade coa decisión do xurado.

A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras que afecten directamente ao éxito do certame.

O xurado poderá declarar deserto algún ou todos os premios.

A interpretación das bases é cometido exclusivo dos membros do xurado.

## 15. INFORMACIÓN

Máis información na web [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal), no teléfono **981 552 290** ou no seguinte enderezo electrónico: [exposicions@auditoriodegalicia.org](mailto:exposicions@auditoriodegalicia.org)



Compostela  
Cultura  
Artes visuais

-  [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)
-  CompostelaCultura
-  CCultura
-  CompostelaCultura
-  CompostelaCulturaTV

